

**Xabier Cordal**

**OLLADA FIXA**

a X.M. Suárez, polo seu libro  
O alzamento de 1936 no norte da Coruña

Desde a cama, muda, mira o teito  
do universo. Ri ás veces, como se o desafiase,  
pero o xesto non tarda en romper,  
apágase antes de pronuncialo.  
A vida pasa a súa agulla pola boca da avoa.  
Nin ela nin Herminia escribiron un poema,  
e quizais nos excedamos facéndoas dicir, con tan pouco  
sentido común como aquel que anima un monicreque  
porque no fondo quen o colle polas costas perdeu a fala,  
ou a súa epopeia volta vacía ao corazón. Lémbrolle,  
sen embargo, frases brillantes que nada habían gustar  
a quen nos chama á orde por gravar voces do alén;  
se teño que escoller prefiro pensar que escriben,  
que escribirían algún día, pois a alternativa,  
con moito realismo, é alabar o seu silencio  
en impresións domésticas, bondadoso e sórdido,  
arrastrando fardos de historia. Hai quen decide consentir  
os poemas, sorrirlles como a un neno: se os deuses existisen,  
piadosos e inmortais, tratarían así as nosas palabras.  
Tras o silencio,  
cando o silencio non doe,  
a miña avoa esculca na parede  
(agora vén unha imaxe, un salto retórico  
desde a súa demencia senil),  
ve homes subindo as escaleiras, as súas maos  
no bronce retorto de Sargadelos, as quimeras  
metálicas na porta, o castiñeiro tallado.  
Levan trapos con gasolina  
e póñenos por todo o corredor,  
e gritan cabrón, velaí tes,  
regalo das mulleres, cabrón,  
e a criada e a súa cofia branca corren á rúa  
avisar de que viñeran asasinados.  
Gustaríame terlle lido esta e outras  
obras de historia pé da cama, reconstruír  
a súa mocidade, facer un relato  
de toda aquela conmoción,  
ben ao contrario de quen soña  
idades escuras na saga familiar e no marco  
da leira pon un campo de gules, armiño e seda,  
unha orixe áspera, en Gales ou Santarém,  
o máis lonxe posible do berce  
como corresponde á burguesía intermediaria.  
(...)